

NOTA INFORMATIVA DA REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO

Exención do exercicio de lingua galega

De conformidade co disposto na base 6.1.2 da convocatoria, estarán exentas de realizar o segundo exercicio as persoas aspirantes que acrediten que dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo posuían o Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

Presentación de documentos xustificativos

Os documentos que xustifiquen a exención (orixinais ou fotocopias compulsadas) deberán ser presentados polos aspirantes que superen o primeiro exercicio, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación da resolución pola cal o tribunal faga públicas as cualificacións do primeiro exercicio ou xunto coa solicitude inicial das persoas aspirantes

Presentación electrónica

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro.

Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se mantiveren en soporte electrónico.

Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderán cotexarse co orixinal.